

**Regulamento dos traballos de fin de grao nos títulos da Facultade de Economía e Empresa da Universidade da Coruña**

(Aprobado pola Xunta de Facultade do 09/02/2013)  
(Modificado pola Xunta de Facultade do 16/10/2013)  
(Incluída adaptación á Normativa xeral da UDC de 2014)  
(Modificado pola Xunta de Facultade do 13/05/2015)  
(Modificado pola Xunta de Facultade do 13/11/2017 )  
(Modificado pola Xunta de Facultade do 09/05/2018)  
(Modificado pola Xunta de Facultade do 12/11/2018)

**Exposición de motivos**

O Real decreto 1393/2007<sup>1</sup> establece no artigo 12.3, situado no capítulo 3, que se dedica ás ensinanzas oficiais de grao, que «estas ensinanzas concluirán coa elaboración e defensa dun traballo de fin de grao». No artigo 12.7 engádese que «o traballo de fin de grao terá entre 6 e 30 créditos, deberá realizarse na fase final do plan de estudos e estar orientado á avaliación de competencias asociadas ao título», sen se recoller ningunha outra disposición sobre o proceso de elaboración e avaliación que, en consecuencia e no exercicio da súa autonomía, deberá ser regulado por cada universidade. Para estes efectos, as Directrices para a elaboración de propostas de títulos de grao na UDC<sup>2</sup> especifican o seguinte sobre a fase final dos estudos na alínea 9 do artigo 3.2, que trata a organización das ensinanzas de grao: «Traballo de fin de grao: os plans de estudos de grao deberán incluír entre 6 e 30 créditos destinados a realizar un traballo de fin de grao na fase final do plan de estudos, unha vez superados, cando menos, un total de 180 créditos, incluídos todos os da primeira metade. En cada plan de estudos, coa supervisión académica do centro correspondente, establecerase a forma de realización, a titorización e os procedementos de avaliación do dito traballo, que deberá orientarse á avaliación das competencias asociadas ao título.»

O Estatuto do estudante universitario<sup>3</sup> establece no artigo 27: «Os proxectos de fin de carreira, traballos de fin de grao e mestrado, así como as teses de doutoramento, rexeranse pola súa normativa específica». Así mesmo, nas epígrafes g) e h) do artigo 8 sinálanse os

---

<sup>1</sup> Real decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais (BOE n.º 260, de 30 de outubro de 2007). Modificado polo Real decreto 861/2010, de 2 de xullo (BOE n.º 161, de 3 de xullo de 2010).

<sup>2</sup> Directrices para a elaboración de títulos de grao na UDC, aprobadas polo Consello de Goberno na súa sesión de 3 de abril de 2008.

<sup>3</sup> Real Decreto 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario (BOE n.º 318, de 31 de decembro de 2010).

dereitos específicos dos estudantes de grao en relación co traballo de fin de grao; e no artigo 30 o dereito á revisión das cualificacións. Neste contexto, e coa finalidade de unificar os criterios e procedementos para garantir unha actuación homoxénea á hora de planificar e avaliar os traballos de fin de grao (en diante TFG) da Facultade de Economía e Empresa (en diante FEE), resulta conveniente establecer as seguintes normas de carácter xeral. Isto, sen prexuízo das posibles particularidades de cada título do centro, que necesariamente deberán ser atendidas e convenientemente reguladas e publicadas como anexos a este regulamento.

## 1. Obxecto e ámbito de aplicación

- 1.1. Este regulamento contén as directrices relativas á definición, realización, defensa, cualificación e tramitación administrativa dos TFG marcados diferentes plans de estudos de grao que se imparten neste centro, de acordo coas Directrices para a elaboración de regulamentos relativos ao traballo de fin de grao nos graos da UDC, aprobadas polo Consello de Goberno de 22 de xullo de 2011 e a *Normativa reguladora da matrícula e a defensa do traballo fin de grao (TFG) e do traballo fin de mestrado universitario (TFM)*, aprobada polo Consello de Goberno de 19 de decembro de 2013<sup>4</sup>.
- 1.2. O contido deste regulamento complétase co resto de regulamentacións e procedementos da UDC que se atoparen en vigor e que se referiren, entre outros aspectos, ao sistema de avaliación, ao recoñecemento e á transferencia de créditos, así como á mobilidade de estudantes.

## 2. Comisión de TFG

- 2.1 A Xunta da FEE creará a Comisión de Traballos de Fin de Grao que será o órgano competente para xestionar todo o proceso relativo aos TFG e asegurar a aplicación deste regulamento.
- 2.2 Formarán parte da Comisión de TFG:
  - a. O/a decano/a, ou persoa en quen delegue.
  - b. O/a secretario/a da facultade, que actuará como secretario/a da comisión.
  - c. O/a vicedecano/a con competencias en organización académica.
  - d. Os/as directores/as dos departamentos con sede na FEE ou persoa en quen deleguen.
  - e. Os/as coordinador/a dos graos da FEE.
  - f. O/a coordinador/a do Plan de Acción Titorial da FEE.
  - g. O/a administrador/a do centro.
  - h. Un representante do estudantado na Xunta de Facultade.
- 2.3. A Comisión de TFG será competente sobre as seguintes materias:
  - a. Estimar anualmente o número de propostas de temas de TFG necesarios no seguinte ano académico e do reparto entre os departamentos con docencia no título.

---

<sup>4</sup> Comisión de TFG 08 de abril de 2014. Adaptación á normativa xeral da UDC.

- b. Informar ao Decanato da oferta de directores/as e temas de TFG recibida dos departamentos.
- c. Velar por que os temas de que for obxecto o TFG, tanto no seu nivel como na súa extensión e os seus obxectivos, posibiliten que o/a estudante o realice no número de horas equivalentes aos créditos ETCS asignados a este traballo no plan de estudos, e coa duración que alí se establece.
- d. Propor unha asignación provisional de TFG e director/a aos alumnos matriculados e informar as reclamacións presentadas a esta asignación.
- e. Informar calquera solicitude de modificación de asignación de TFG.
- f. Informar as solicitudes de defensa do TFG na primeira oportunidade de primeiro cuadrimestre.
- g. Publicar instrucións relativas á presentación dos TFG e á súa defensa pública.
- h. Propoñer os membros dos tribunais dos TFG e os traballos que terán que avaliar.
- i. Seleccionar os traballos de fin de grao que serán publicados no Repositorio Institucional da UDC (RUC).
- j. Propoñer anualmente un calendario cos prazos das diferentes fases da asignación e elaboración dos TFG.
- k. Atender calquera incidencia relativa aos TFG.
- l. Todas aquelas outras que estableza a Xunta de Facultade.

### 3. Natureza e características do TFG

- 3.1. O TFG supón a realización, por parte de cada estudante e de forma individual, dun proxecto, unha memoria ou un estudo concreto baixo a supervisión dun ou máis directores/as. Neste traballo deben integrarse e desenvolverse os contidos formativos recibidos, así como as capacidades, competencias e habilidades adquiridas durante o período de docencia do grao.
- 3.2. *O TFG deberá estar orientado á aplicación das competencias asociadas ao título. O TFG debe constituír unha metodoloxía de aprendizaxe que oriente o alumnado a reflexionar sobre temas relevantes de índole social, científica, tecnolóxica ou ética, e a facilitar o desenvolvemento dun pensamento e xuízo crítico, lóxico e creativo.*  
*En concreto, e no ámbito dos graos impartidos na Facultade de Economía e Empresa, o TFG propiciará que o alumnado desenvolva actividades de busca, xestión, organización, tratamento e interpretación de datos relevantes da súa área de estudo co obxecto de chegar a conclusións ben fundamentadas. O traballo presentado polo alumnado para a súa avaliación -que poderá adoptar a forma de informe técnico, ensaio académico, proposta de procedementos e/ou elaboración ou adaptación de metodoloxías aplicables a problemas concretos do ámbito económico empresarial- deberá recoller as ditas conclusións e, de ser o caso, o proceso desenvolvido para a súa elaboración, se este fose*

- de especial interese para a avaliación final do TFG.*<sup>5</sup>
- 3.3. O TFG pode ser defendido e avaliado unha vez se tiver constancia fidedigna de que o estudantado teña superados todos os demais créditos necesarios para a obtención do título e estar matriculado do TFG. *Para a súa defensa e avaliación, o estudante disporá dunha convocatoria con dúas oportunidades en cada curso académico*<sup>6</sup>.
- 3.4. *Os estudantes que participen en programas de mobilidade ou dobres titulacións poderán matricularse do TFG mentres realizan o programa de mobilidade. O seu réxime será establecido regulamentariamente*<sup>7</sup>.
- 3.5. O TFG non ten a natureza dun traballo investigador. Con todo, a titularidade dos dereitos de propiedade intelectual, se for o caso, corresponderá a quen o realizar segundo queda recollido no apartado h) do artigo 8 do RD 1791/2010 do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario salvo que se establecer doutra maneira no documento de asignación do TFG que cada estudante debe asinar, nos termos e coas condicións previstas na lexislación vixente.
- 3.6. O tema de que for obxecto o TFG, tanto no seu nivel como na súa extensión e os seus obxectivos, deberá posibilitar que o/a estudante o realice no número de horas equivalentes aos créditos ECTS asignados a este traballo no plan de estudos, e coa duración que alí se establece. O centro velará mediante os mecanismos de coordinación existentes no grao e a Comisión de Traballos de Fin de Grao por que isto se cumpra e, en consecuencia, poidan alcanzarse as taxas de eficiencia, éxito e graduación a que fai referencia a memoria do grao.

---

<sup>5</sup> Nova redacción aprobada na Xunta de Facultade do 13/05/2015.

<sup>6</sup> Comisión de TFG 08 de abril de 2014. Adaptación á normativa xeral da UDC.

<sup>7</sup> Comisión de TFG 08 de abril de 2014. Adaptación á normativa xeral da UDC.

No caso de que o TFG se inclúa nun contrato dun programa de mobilidade, asignarase como director do traballo o coordinador de mobilidade do centro que, utilizando o mesmo procedemento que os demais directores na Secretaría Virtual, emitirá un informe favorable á defensa cando teña coñecemento oficial da superación da proba por parte do estudante, deixando constancia de que se trata dun TFG dun programa de mobilidade. Deste xeito poderase continuar co procedemento establecido con carácter xeral: solicitude de defensa (que neste caso se entende como solicitude de incorporación da cualificación ao expediente) por parte do estudante, asignación de tribunal por parte do centro, cualificación do traballo e acta individual.

Os centros definirán un tribunal, que podería denominarse "de mobilidade", en que se incluírá como secretario/a a persoa designada para asinar estas actas e a quen se lle asignarán todos os TFG de estudantes da UDC defendidos noutra universidade ao amparo dun programa de mobilidade.

No caso de que o estudante non teña superadas todas as materias despois de realizar o programa de mobilidade, poderá aprazar a incorporación da cualificación do TFG ata o curso seguinte de participar no programa de mobilidade e tras unha nova matrícula.

#### 4. Dirección académica do TFG

- 4.1. *O TFG será dirixido por un/unha profesor/a pertencente ás áreas de coñecemento con docencia nos plans de estudos dos títulos de grao que se imparten na Facultade de Economía e Empresa. Este profesor/a terá vinculación permanente á universidade ou contrato en vigor durante todo o curso académico para o que se oferta o TFG<sup>8</sup>. Tal profesor/a será responsable de:*
- a) expoñerlle ao estudantado cuxa titoría exerza as características do traballo, e orientalo no seu desenvolvemento;
  - b) realizar un seguimento da elaboración do TFG e velar polo cumprimento dos obxectivos fixados;
  - c) autorizar a presentación e defensa do TFG;
  - d) Elaborar un informe razoado de avaliación conforme ao modelo proposto pola Comisión de TFG.
- 4.2. O TFG poderá ser dirixido por máis dunha persoa. Nese caso, cando menos unha delas deberá ser un membro do profesorado pertencente aos departamentos que imparten docencia no título de grao en que estiver matriculado o/a estudante. Por outra parte, se no marco dun convenio de prácticas o/a estudante ten que desenvolver parte do TFG ou a súa totalidade noutro organismo distinto á UDC, unha das persoas que dirixa o traballo poderá pertencer a esa entidade, co fin de que colabore na definición e o desenvolvemento do TFG.

#### 5. Matrícula, calendario académico e actas

- 5.1. A matrícula dos TFG realizarase dentro do prazo xeral de matrícula establecido pola UDC, ou no período de ampliación da matrícula se o/a alumno/a reúne os requisitos para poder realizar esta modalidade de matrícula, mediante o aboamento dos prezos públicos que corresponderen de acordo co número de créditos asignados ao TFG.
- 5.2. *Para formalizar a matrícula do TFG, o alumnado poderá ter pendentes como máximo 78 créditos para completar os estudos, incluídos os correspondentes ao TFG, e ter superados todos os da primeira metade do grao. Non obstante poderá matricularse do TFG, sen ter superadas todas as materias da primeira metade, cando o número total de créditos pendentes sexa igual ou inferior a 30 créditos, sen contar os que correspondan ao TFG<sup>9</sup>.*
- 5.3. O centro, atendendo a criterios de programación docente, establecerá a realización das defensas dos TFG dentro dos prazos marcados no calendario académico que aprobar o Consello de Goberno.

---

<sup>8</sup> Modificación da XdF do 16/10/2013.

<sup>9</sup> Comisión de TFG 08 de abril de 2014. Adaptación á normativa xeral da UDC.

- 5.4. O peche e entrega das actas de avaliación dos TFG aterase ao previsto no calendario académico aprobado polo Consello de Goberno.

## 6. Oferta de temas dos TFG e asignación de direccións

- 6.1. A comisión fará unha estimación anual do número de temas de TFG que serán necesarios para a oferta do seguinte ano académico e do reparto entre os departamentos con docencia no título. O Decanato informará a cada departamento no momento de elaboración do PDA sobre cantas destas propostas lle corresponden presentar.
- 6.2. Os departamentos enviarán as propostas de temas á comisión no prazo establecido polo Decanato.
- 6.3. Os temas ou as liñas dos TFG e os/as directores/as correspondentes proporanse de xeito razoado. Tal proposta será remitida ao Decanato da facultade desde os departamentos a que este lles fixer o encargo dos TFG. Cada proposta irá acompañada da seguinte información:
- a) Título do tema ou liña do Traballo.
  - b) Director/a do Traballo.
  - c) Breve descrición do contido: obxectivos e métodos.
  - d) Programa do Traballo.
  - e) Recomendacións (materias aprobadas, cursar determinadas materias, etc.).
  - f) Posibilidade de realización en inglés (si/non).
- 6.4. A comisión informará sobre a listaxe de temas e directores/as propostos ao Decanato, quen a publicará. A devandita listaxe garantirá un número de direccións suficiente para a totalidade dos estudantes matriculados no TFG.
- 6.5. Unha vez finalizados os pasos anteriores, o estudantado matriculado no TFG, no prazo e co modelo de impreso que o centro establecer, presentará unha solicitude de asignación por orde de preferencia dun número de mínimo de temas que será determinado pola Comisión de TFG.
- 6.6. *No mes seguinte ao de finalización do prazo de matrícula<sup>10</sup>*, a comisión preparará unha proposta de asignación provisoria, que intentará respectar as opcións manifestadas polo estudantado e o profesorado implicado, baixo o principio de igualdade, mérito e capacidade. Para dirimir as prioridades na elección de tema ou dirección tomarase como criterio o expediente académico. Esta listaxe deberá ser publicada a principios do primeiro cuadrimestre.
- 6.7. Coa publicación da proposta provisoria establecerase un período de reclamacións. Resoltas estas, o Decanato publicará unha listaxe definitiva. Calquera modificación posterior terá que efectuarse de común acordo entre o alumnado e o profesorado afectado, e en calquera caso sempre que a comisión informe favorablemente.

---

<sup>10</sup> Comisión de TFG 08 de abril de 2014. Adaptación á normativa xeral da UDC.

- 6.8. a) O estudante poderá, así mesmo, desenvolver un proxecto sobre un tema específico do seu interese, debendo contactar directamente cun/cunha profesor/a que puidese estar interesado para que actúe como director/a. Neste caso deberá solicitalo por escrito ao decano/a no prazo que se estableza e no formulario correspondente, que terá que ir asinado polo director/a. Oída a comisión, o Decanato resolverá. Os traballos asignados por este medio figurarán na listaxe á que fai referencia o punto 6.7.  
b) Os traballos asignados por esta vía non computarán a efectos do reparto establecido polo departamento.
- 6.9. Para o alumnado que se matricula no período de ampliación da matrícula, deberá abrirse un novo prazo de asignación de traballo e director/a que deberá estar rematado a principios do segundo cuatrimestre.
- 6.10. Aínda que o TFG esta asignado ao segundo cuatrimestre, se a superación deste traballo supón o remate dos estudos, o alumnado poderá defendelo no período establecido para a primeira oportunidade do primeiro cuatrimestre e, de ser o caso, na oportunidade de xullo. Para isto o alumnado deberá facer a correspondente solicitude, avalada polo/a director/a, ante o/a decano/a que será quen resolverá.
- 6.11. No caso de non terse defendida o TFG no correspondente curso académico, o alumno poderá solicitar por unha soa vez a prórroga da asignación de tema e director/a. A solicitude estará asinada polo director/a.
- 6.12. Con antelación suficiente a FEE establecerá un calendario para as diferentes fases deste procedemento de asignación.

## 7. Presentación e defensa dos TFG

- 7.1. A FEE aprobará e publicará, xunto coas datas oficiais de exames de cada curso académico, os períodos de presentación dos TFG, *os períodos de inicio e de finalización para a solicitude, presentación e defensa do traballo dentro dos límites que estableza o Consello de Goberno na programación do calendario académico de cada curso*<sup>11</sup>.
- 7.2. *O/a estudante presentará unha solicitude de defensa e avaliación do TFG a través da Secretaría Virtual, segundo o modelo de impreso que o centro establecer e no prazo que se fará público para estes efectos. Nese momento, o estudante, en función da súa situación académica, indicará o momento de defensa elixido entre os tres períodos habilitados ao longo do curso. Unha vez rexistrada a solicitude, o/a estudante deberá entregar a copia do resgardo de solicitude na administración do centro xunto coa versión escrita do traballo por triplicado, a versión electrónica en pdf e a autorización do/a director/a para que o TFG poida ser defendido e cantos documentos estimar necesarios a comisión encargada. Rematado o prazo de solicitudes, a Administración do Centro entregará a documentación que proceda ao secretario/a do tribunal de avaliación quen*

---

<sup>11</sup> Comisión de TFG 08 de abril de 2014. Adaptación á normativa xeral da UDC.

*deberá facer chegar unha copia do traballo, a cada un dos membros deste*<sup>12</sup>.

- 7.3. O estudantado defenderá os seus TFG pública e presencialmente. No caso de que o/a estudante solicite de forma motivada e acreditada defender o TFG de forma non-presencial, cumprirá que o faga ante a Comisión de Plans de Estudo, delegada do Consello de Goberno, para que a autorice ou non. Isto sempre de se daren as condicións legais, técnicas, administrativas e económicas que o permitiren.
- 7.4. A realización, presentación e defensa dos TFG poderán efectuarse en calquera dos idiomas empregados na impartición do grao, de acordo co disposto na memoria de verificación do título.
- 7.5. Cada estudante disporá dun tempo máximo para a defensa do TFG, en que deberá expoñer os obxectivos, a metodoloxía, o contido e as conclusións do seu traballo. Con posterioridade terá que atender as preguntas, as aclaracións, os comentarios e as suxestións que puideren formularlle os membros do tribunal de avaliación.
- 7.6. A Comisión de TFG publicará instrucións relativas á presentación dos TFG e á súa defensa pública.

## 8. Características dos traballos

- 8.1. O traballo presentado amosará as tarefas desenvolvidas polo estudante. A Comisión de TFG da FEE poderá establecer unha extensión e un formato común para todos ou algúns dos elementos do traballo, particularmente, portada e primeira folla.
- 8.2. *Como norma xeral, o traballo comporase, entre outros, dos seguintes apartados:*
  - *Primeira páxina, na que figurará o título completo, o parágrafo “traballo de fin de grao presentado na FEE da UDC para a obtención do grao en [grao correspondente]”, curso académico de presentación, nome do estudante, nome(s) do(s) director(es).*
  - *Breve resumo na lingua usada e en inglés (de estar redactado en inglés, nalgunha das linguas oficiais de Galicia).*
  - *Índice de contidos e táboas.*
  - *Conclusións.*
  - *Bibliografía empregada para a realización do traballo.*<sup>13</sup>

## 9. Tribunais de avaliación

- 9.1. Os tribunais de avaliación configuraranse da forma que establecer a Comisión de TFG, segundo o número de alumnos matriculados e a temática dos diferentes TFG que se presentaren.

---

<sup>12</sup> Comisión de TFG 08 de abril de 2014. Adaptación á normativa xeral da UDC

<sup>13</sup> Modificado pola Xunta de Facultade de 13/11/2017

- 9.2. *Cada tribunal estará formado por 3 profesores/as de polo menos 2 áreas diferentes, e outros tantos suplentes. Todos eles deberán ter docencia nos graos da FEE. O/a titor/a do TFG non poderá formar parte do tribunal. Presidirá o/a profesor/a de maior categoría académica e antigüidade e actuará como secretario o de menor categoría académica e antigüidade. No caso do procedemento de avaliación simplificado, a composición do tribunal rexeráse consonte o especificado no apartado 10.*
- 9.3. *Unha vez constituídos os tribunais de avaliación, estes, de acordo co centro, establecerán a orde de exposición dos estudantes no caso de seren varios, así como o día, a hora e o lugar de realización das defensas dos TFG. Realizarase a adecuada comunicación destes datos a todo o estudantado e profesorado afectado, agás no caso do procedemento de avaliación simplificado, que se rexerá consonte o especificado no apartado 10.<sup>14</sup>*

## **10. Avaliación e cualificación**

- 10.1. *Os TFGs serán avaliados por un tribunal designado pola Comisión de TFGs consonte o establecido no artigo 9 da presente normativa. A avaliación realizarase, a elección do estudante, mediante unha exposición oral do TFG en sesión pública perante un tribunal (procedemento xeral de avaliación) ou mediante unha exposición oral do TFG perante o(s)/a(s) seu(s)/súa(s) director(es)/(as) (procedemento simplificado de avaliación). Para que o/a estudante poida optar a unha cualificación superior a 7 deberá ser avaliado necesariamente mediante o primeiro dos procedementos citados.*
- 10.2. *Cando a avaliación do TFG sexa solicitada polo/a estudante a través do procedemento xeral de avaliación, observaranse os seguintes apartados:*
- a) O proceso xeral de avaliación do TFG estará aberto nos períodos fixados polo órgano competente e o acto público de defensa desenvolverase nas datas que se establezan pola Xunta de Facultade ou comisión que tiver delegada esta competencia.*
  - b) A solicitude realizarase consonte o procedemento ordinario fixado pola UDC.*
  - c) Unha vez realizada a exposición do/a estudante, o tribunal designado pola Comisión de TFGs deliberará sobre a cualificación que lle corresponde, tendo en conta o informe do titor. Para a cualificación final establecerase a media aritmética das cualificacións asignadas ao TFG por cada un dos membros do tribunal.*
  - d) Os membros do tribunal realizarán un informe, conforme ao modelo que se elaborará para estes efectos, no que se avaliarán de 0 a 10 os seguintes aspectos:*
    - i. Valoración do traballo (informe escrito): adaptación aos contidos/competencias da titulación (30%), organización e estrutura formal (30%), grao de dificultade (20%) e alcance das conclusións (20%).*

---

<sup>14</sup> Modificado pola Xunta de Facultade de 13/11/2017

- ii. *Defensa do traballo (exposición oral pública): organización e capacidade de síntese (60%) e respostas ás preguntas do tribunal (40%).*
  - e) *A cualificación final outorgada por cada membro do tribunal ao TFG obterase de acordo coa seguinte ponderación:*
    - i. *Valoración do TFG (VT): 50%*
    - ii. *Defensa do traballo (DT): 50%**A cualificación final do traballo por cada membro do tribunal será, por tanto,  $0,5*VT+0,5*DT$ , indicada cunha cifra decimal.*
  - f) *A cualificación final do TFG obterase como media aritmética, indicada cunha cifra decimal, das cualificacións outorgadas por cada membro do tribunal. Deberá engadírselle a correspondente cualificación cualitativa:*
    - 0-4,9 suspenso*
    - 5,0-6,9 aprobado*
    - 7,0-8,9 notable*
    - 9,0-10 sobresaliente*
  - g) *Accederá á mención de matrícula de honra, se así o decide por unanimidade o tribunal avaliador, o estudantado que obtiver unha cualificación igual ou superior a 9 puntos.*
  - h) *No caso de o/a estudante obter a cualificación de suspenso, o tribunal faralle chegar un informe coas recomendacións oportunas para a mellora do traballo e a súa posterior avaliación. Enviaráselle(s) unha copia deste informe á(s) persoa(s) que dirixiron o TFG.*
  - l) *A revisión e/ou reclamación das cualificacións finais dos TFG levaranse a cabo de conformidade co previsto na normativa da UDC.*
- 10.3. *Cando a avaliación do TFG sexa solicitada polo/a estudante a través do procedemento simplificado de avaliación, observaranse os seguintes apartados:*
- a) *O procedemento simplificado de avaliación do TFG estará aberto todo o curso académico. O/A estudante que opte por esta modalidade poderá solicitalo mediante o depósito do TFG na UADI da Facultade en calquera xornada do curso académico en que a Facultade preste servizos administrativos, agás naquelas datas nas que consonte o Calendario Académico da UDC se interrompen as actividades académicas docentes e os exames<sup>15</sup>.*
  - b) *A solicitude irá acompañada dos seguintes documentos:*
    - i. *A solicitude formulada polo/a estudante con indicación expresa de que se quere acoller ao procedemento simplificado de avaliación.*
    - ii. *Un exemplar impreso do TFG*
    - iii. *Un exemplar en formato electrónico do TFG*
  - c) *No informe motivado do/a director/a ou directores/as figurarán un apartado referido á orixinalidade do traballo e a cualificación final proposta, que non poderá ser*

---

<sup>15</sup> Nova redacción aprobada na Xunta de Facultade do 9 de maio de 2018

superior a sete e na que se avaliarán de 0 a 7 os seguintes aspectos<sup>16</sup>:

- i. Valoración do traballo (informe escrito): adaptación aos contidos/competencias da titulación (30%), organización e estrutura formal (30%), grao de dificultade (20%) e alcance das conclusións (20%).
- ii. Defensa do traballo (exposición oral non pública): organización e capacidade de síntese (60%) e respostas ás preguntas (40%).

A cualificación final outorgada polo director/a ao TFG obterase de acordo coa seguinte ponderación:

- i. Valoración do TFG (VT): 50%
- ii. Defensa do traballo (DT): 50%

A cualificación final numérica do traballo outorgada polo director/a será, por tanto,  $0,5*VT+0,5*DT$ , indicada cunha cifra decimal. A esta cualificación numérica, deberá engadírselle a correspondente cualificación cualitativa:

- 0-4,9 suspenso
- 5,0-6,9 aprobado
- 7 notable

d) Mensualmente, coa excepción do mes de agosto, tres membros pertencentes ás Comisión de TFGs, Académico Docente ou de Garantía de Calidade da FEE elixidos por sorteo revisarán os TFGs depositados no mes inmediatamente anterior e, se non adoecen de ningún defecto de forma nin de mala praxe, asinarán a acta coa nota proposta polo(s)/a(s) (s)/a(s) director(es)/a(s). Se atopasen algún defecto formal ou evidencias de mala praxe, deberán emitir un informe que será comunicado ao/á estudante e ao(s)/á(s) director(es)/a(s) para a súa corrección. Unha vez introducidos os cambios correspondentes deberán proceder a unha nova solicitude, consonte o establecido neste apartado.

e) A revisión e/ou reclamación das cualificacións finais dos TFG levaranse a cabo de conformidade co previsto na normativa da UDC.<sup>17</sup>

## 11. Consulta e publicación dos TFG

11.1. A Comisión de TFG seleccionará para a súa publicación no Repositorio Institucional da UDC (RUC) os TFGs cuxa cualificación final fose igual ou superior a oito puntos. Para isto, a administración do centro enviará unha copia en formato electrónico ao Servizo de Biblioteca.

11.2. En caso de que o autor/a do TFG non autorice o depósito e a publicación deste no RUC deberá solicitalo previamente nos dez días naturais posteriores á data de sinatura da

---

<sup>16</sup> Modificado pola Xunta de Facultade de 12/11/2018

<sup>17</sup> Modificado pola Xunta de Facultade de 13/11/2017

*acta electrónica final ante a Comisión de TFG, que resolverá en cada caso.*<sup>18</sup>

---

<sup>18</sup> Modificado pola Xunta de Facultade de 13/11/2017